

CERTIFICADO

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
3721/2020	A Xunta de Goberno Local

**MARÍA JESUSA FERNÁNDEZ BASCUAS, EN CALIDADE DE SECRETARIA DESTA
ÓRGANO,**

CERTIFICO:

Que, na sesión desenvolvida o 13 de outubro de 2020 se adoptou o seguinte acordo:

Expediente 3721/2020. PROPOSTA DE APROBACIÓN DE INICIO DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO "SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE ASEO AUTOLIMPIABLE PARA A ALAMEDA"

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 08/10/2020, en relación co asunto que se indica de seguido.

Vista a memoria xustificativa sobre a necesidade, idoneidade e eficiencia da contratación, relativa ao expediente de contratación "Subministro e instalación de aseo autolimpiable para A Alameda", asinada polo Alcalde en data 7 de outubro 2020, indicando que: *"A necesidade de se pretende satisfacer con este contrato é dotar de aseos públicos ao parque de maior afluencia de veciños do municipio para facilitar a súa utilización pública."*

Vista a Providencia da Alcaldía de data 07/10/2020 pola que se dispón que por Intervención se emita certificado de existencia de crédito axeitado e suficiente, no seu caso.

Visto que, con data 07/10/2020, incorporouse ao expediente o documentación contable de retención de crédito, con número de operación 2020008494.

Vista a competencia da Xunta de Goberno Local, segundo o sinalado na Disposición Adicional Segunda, punto 1, da lei 9/2017 de Contratos do Sector Público (LCSP) e Decreto de delegación desta Alcaldía nº 2019-0674, de data 18 de xuño.

A Xunta de Goberno Local adopta, por unanimidade, os seguintes **ACORDOS**:

Primeiro.- Iniciar o procedemento de contratación do contrato do "SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE ASEO AUTOLIMPIABLE PARA A ALAMEDA" por procedemento aberto simplificado.

Segundo.- Incorporar ao expediente, de conformidade co artigo 116 e ca Disposición Adicional Terceira da LCSP 9/2017, a seguinte documentación:

- Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares.
- Informe xurídico.
- Informe de fiscalización de Intervención.

Terceiro.- Publicar o presente acordo no perfil do contratante do órgano de

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233





contratación, de acordo co disposto na Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público.

E para que conste, para os efectos oportunos no expediente da súa razón, de orde e co V.º B.º do Sr. Alcalde, coa excepción prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, expídese a presente.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



Cod. Validación: 4EWJ4FQNHCGDMA533AAKCC2D5H | Corrección: <https://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233